

# O DRAMA

Kristoffer Borgli, 2026

# 1758

ESTREA EN NUMAX: 29.05.2026 | V.O.S.E. | +16 | 106 min

Emma (Zendaya) e Charlie (Robert Pattinson) teñen unha relación idílica e están a piques de casar. Con todo, días antes da cerimonia, enfróntanse a unha crise cando unhas inesperadas revelacións desbaratan o que un deles cría saber sobre o outro. Isto converterá a súa relación nun auténtico drama.

«Poucas veces unha apocalipse nupcial foi explorada cunha intelixencia tan escura e un enxeño tan mordaz como nesta dramedia a miúdo punzante e esmendrellante»

Kevin Maher, THE TIMES



## A imposibilidade de coñecer o outro

Por Laia Cabuli

*O drama* segue a Emma (Zendaya) e Charlie (Robert Pattinson), unha parella aparentemente ideal que está a piques de casar. Con todo, o seu vínculo empeza a cambalear cando saen á luz segredos inesperados que poñen en dúbida todo o que crían saber do outro. O que comeza como unha historia de amor doce e luminosa transfórmase gradualmente nun conflito emocional cada vez máis escuro.

Kristoffer Borgli é un director que adoita combinar a sátira social con situacións absurdas levadas ao extremo. Nas súas películas anteriores, *Sick of Myself* (2022) e *Dream Scenario* (2023), predominaba un realismo incómodo atravesado por fortes críticas á sociedade contemporánea: no primeiro caso abordábase a cultura da vitimización, mentres que no segundo propúñase unha mirada extrema sobre a cultura da cancelación. N' *O drama*, Borgli volve traballar baixo ese mesmo esquema: construír o conflito central a partir dun problema contemporáneo que funciona como estudo social.

A película disfrázase de comedia romántica para romper con varios dos estereotipos que o xénero adoita dar por sentados. Borgli desarma a estrutura clásica do romance para narrar un feito do pasado de Emma que atravesa por completo a relación da parella protagonista e obrígaos a cuestionar se poden seguir xuntos. O ton incómodo medra progresivamente ao longo da trama, combinando flashbacks do pasado dela coas alucinacións paranoicas de Charlie.

Cando chega a revelación central, o ton cambia radicalmente e a película vólvese moito máis tensa. Alí emerxe un dos seus temas principais: a imposibilidade de coñecer realmente o outro. A partir dese momento, o filme constrúese sobre unha pregunta inquietante: se o amor pode sobrevivir cando aparece un pasado escuro que o contamina todo. Borgli inclínase aquí por un enfoque máis humano e emocional que nos seus traballos anteriores. En lugar de vulgar os personaxes, o director obsérvaos de preto, case coma se realizase un estudo psicolóxico dos seus comportamentos.

Borgli volve demostrar a súa habilidade para tomar un xénero recoñecible e desarmalo desde dentro. O que comeza como unha comedia romántica convencional termina converténdose nun estudo incómodo sobre a confianza, a culpa e a imposibilidade de coñecer realmente o outro. Zendaya e Robert Pattinson sosteñen con intensidade este descenso cara á paranoia afectiva nunha película que ispe as fragilidades do amor moderno e quíttalle calquera rastro de inxenuidade ao ideal romántico.

Publicado en [escribiendocine.com](https://escribiendocine.com)